

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 30 de xullo de 1958 foi aprobado, con carácter forzoso, en consecuencia co Decreto especial de 14 de decembro de 1956, o Consorcio do monte "TRAVESA", LU-3127, pertencente os veciños dos pobos de Covas, Santa Mariña de Riamonte de Abaixo, Santa Mariña de Riamonte de Arriba e Come~~da~~, municipio de Cervantes.

2º.- Que o 18 de abril de 1983 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO", pertencente á comunidade integrada polos veciños de Riamonte de Abaixo, parroquia de Vilarello, Concello de Cervantes. Publicado dito Acordo no B.O.da Provincia, nº.140, do martes 21 de xuño do mesmo ano non se presentou nin interpuxo recurso algún contra él, polo que é firme.

3º.- Que o 23 do mes de maio, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por ésta reunida en Asemblea Xeral o 20 do mesmo mes, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Moantes s sinatura dun Convenio que afectase as 93 Hás. da súa pertenza que, actualmente, están incluídas no Consorcio do monte "TRAVESA", LU-3127 e

- autorizar ó seu Presidente para a sintura do Convenio.

4°.- Que en consecuencia, o novo monte "TEXOS DE CARBOERO E REGO", queda constituido por:

93. Hás. do monte "TRAVESA", LU-3127.

5°.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio, a conservación, tratamento selvícola e aproveitamento das masas creadas e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fins.

6°.- Que as superficies do monte "TRAVESA", LU-3127, son:

superficie total.....	275 Hás.
superficie repoboada.....	270 "
superficie inforestal.....	5 "

O monte "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO", pasan:

superficie total.	93 Hás.
superficie repoboada.....	91 "
superficie inforestal.....	2 "

7°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "TRAVESA" LU-3127.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son as seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1995:	26.860.359,-Pts.
o 31-12-1993: ano en que se clasificou como veciñal en man común a parte do monte - pertencente á Comunidade de Riamonte de -- Abaixo	12.819.431,- "

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda da Lei 13/1989, do de 10 de outubro:

91 x 26.860.359,- Ptas. - 91 x 12.819.431,-Pts. 4.732.313,-
270 270

b) Ingresos:

o 31-12-1995: 651,-

8°.- E que os gastos que por traballo, administración, que das contas do Consorcio do monte "TRAVESA", LU-3127, pasan o Convenio do monte "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO", son:

a) GASTOS:

traballos:	4.732.313,-Pts.
administración: <u>7,85</u> x 4.732.313,-Pts.....	371.477,- "
100	
gardería: 91 Hás. x 605,-Ptas./Há.	55.055,- "

TOTAL GASTOS 5.158.855.-Ptas.

b) INGRESOS:

<u>91 Hás.</u> x 651,- Ptas.	<u>219,-Ptas.</u>
270 Hás.	

TOTAL INGRESOS. 219,-Ptas.

9°.- E que a conta do Convenio do monte "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO" se abre cun saldo de:

5.158.855,- pesetas - 219,- pesetas.....	5.158.636,- Ptas.
	=====

Á vista de todo isto, esta Xefatura propoñe a V.I.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO".

Elenco: 2715860.

Superficie: 93 Hás.

Pertenza: Comunidade de Riamonte de Abaixo.

Concello: Cervantes:

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO", 2715860,- se abra cun saldo de 5.158.636,- pesetas, sen prexuício dos gastos e ingresos que puidesen ter-las contas do consorcio do monte "TRAVESA", LU-3127, con posterioridade a sua data de peche.

3º.- Que no sucesivo as características do monte LU-3127, sexan as seguintes:

Nome: "TRAVESA".

Elenco: LU-3127.

Superficie: 182 Hás.

Pertenza: Veciños dos pobos de Covas, Riamonte de Arriba e Comela.

Concello: Cervantes.


4º.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO", 2715860, das contas do Consorcio do monte "TRAVESA", LU-3127, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 91 Hás. x 26.860.359,- Ptas. 9.052.936,- Ptas.
270 Hás.

ingresos: 91 Hás. x 651,- Ptas. 219,- "
270 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 1996.
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Carlos del Álamo Jiménez.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio LU-3127 do Monte Travesa nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade de Riamonte de Abaixo (Concello de Cervantes) propietaria do monte Veciñal en Man Común "TEXAS DE CARBOEIRA E REGO" integrado por 93 Hás. do citado monte "TRAVESA" e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 1996.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO".

Elenco: 2715860.

Superficie: 93 Hás.

Pertenza: Comunidade de Riamonte de Abaixo.

Concello: Cervantes.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre ó antaicipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO", 2715860, se abra cun saldo de 5.158.636,- pesetas, sen prexucio dos gastos e ingresos que puidesen ter as contas do Consorcio do monte "TRAVESA", LU-3127, con posterioridade a súa data de peche.

3º.- Que no sucesivo as características do monte LU-3127, sexan as seguintes:

Nome: "TRAVESA".

Elenco: LU-3127.

Superficie: 182 Hás.

Pertenza: Veciños dos pobos de Covas, Riamonte de Arriba e Comela.

Concello: Cervantes.

4º.- Que por pasar a conta do convenio do monte "TEXOS DE CARBOERIRA E REGO", 2715860, das contas do Consorcio do monte "TRAVESA", LU-3127, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 91 Hás. x 26.860.359,- Ptas. 9.052.936,-Ptas
270 Hás.

ingresos: 91 Hás. x 651,- Ptas. 219,- "
270 Hás.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

CONVENIO

N.º	271	5860
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ**, por Delegación do, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta. **Orde do 13.12.1993.**

Da outra, D. **MANUEL SANTIÁN GONZÁLEZ** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"TEXOS DE CARBOEIRA E REGO"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **30 de Xullo de 1.958** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª — Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Riamonte de Abaixo, parroquia de Vilarello, termo municipal de Cervantes**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"TEXOS DE CARBOEIRA E REGO"**.

Termo municipal: **Cervantes.**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte veciñal en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Riamonte de Abaixo, parroquia de Vilarello, termo municipal de Cervantes.**

Límites:

N.: **Monte "TRAVESA", LU-3127;**

E.: **Propiedades particulares de Riamonte de Abaixo;**

S.: **Monte "DE RIAMONTE DE ARRIBA" e**

O.: **Más monte veciñal en man común "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO".**

Superficie: **93 (NOVENTA E TRES) Hás.**

Estado forestal: **91 (NOVENTA E UNHA) Hás. repoboadas e 2 (DUAS) Hás. inforestais.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **91 (NOVENTA E UNHA) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **2 (DUAS) Hás.**

Servidumes: **- - -**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Riamonte de Abaixo, parroquia de Vilarello, termo municipal de Cervantes**

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **93 Hás. do monte "TRAVESA", LU-3127.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o **-** por cento, e a comunidade propietaria, o **-** por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser suscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **cincoenta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~As especies que integran o monte serán as seguintes:~~ **O monte está repoboado con *P. sylvestris*.**

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " TESOS DE CARBOEIRA E REGO ", veciños de Riamonte de Abaixo, parroquia de Vilarello, concello de Cervantes - Rexistrados co nº 0487, data do rexistro 23-11-95.-

2.— Que, así mesmo, figura Don MANUEL SANTÍN GONZÁLEZ, e Don MANUEL ANTONIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica ó 20-11-99 -

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 16 de maio de 199 6.



Don MANUEL ANTONIO FERNANDEZ GONZALEZ, Secretario de Comunidade de Riamonte de Abaixo, termo municipal de Cervantes.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 20 de Maio de 1.996 estando designado Don MANUEL SANTIN GONZALEZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Riamonte de Abaixo (Cervantes) a un de Maio de mil novecientos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,
Manuel Santin

[Signature]

O PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Santín González.

Asdo.: Manuel Antonio Fernández González.

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

[Large signature]



Pola propiedade,

Manuel Santin

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,
P/D
SECRETARIO XERAL;

Asdo.: Manuel Santín González.



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)

D. Manuel Santín González.
D. Manuel Antonio Fernández
González.
D. Manuel Antonio López
Fernández.

En el lugar de Riamonte de Abaixo, parroquia de Vilarello, municipio de Cervantes, siendo las dieciseis horas del día 23 de Mayo de - - - 1.996, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Riamonte de Abaixo, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por dicha Comunidad, reunida en Asamblea - General el pasado día 20 de Mayo, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a las 93 Hás. de su pertenencia que, actualmente, están incluidas en el Consorcio del monte "TRAVESA", con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO".

Superficie: 93 Hás.

Límites:

N.- Monte "TRAVESA";

E.- Propiedades particulares de Riamonte de Abaixo;

S.- Monte "DE RIAMONTE DE ARRIBA", de la Comunidad de Riamonte de Arriba y

O.- Más monte vecinal en mano común "TEXOS DE CARBOEIRA E REGO".

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "TRAVESA".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Manuel Santín

[Signature]

Manuel López